

CARRALINGUA

MARZO 2018 Nº 2

HUMOR GRAFICO



- E SE UN RAIÓ MATASE
O LADRÓN DO CACIQUE, TI
DE QUE DIRÍAS QUE MORREU?
- POIS..... DE MORTE NATURAL!
(CASTELAO)

NA DOR NON É
O ANO DO DIVERTIMENTO



REVISTA DO EDLQ E BIBLIOTECA DO IES DE CARRAL

Mostra de humor gráfico de xente miúda

Un ano máis, baixo a coordinación da profesora Teresa Pastor, o alumnado de 4º e de 1º da ESO volveunos provocar un sorriso.

Inspirados na figura de Castelao como artista gráfico, o alumnado de 1º e 4º quixo cos seus debuxos facer "unha homenaxe ás vítimas do atentado terrorista acontecido en París o 7 de xaneiro de 2015 á sede do semanario satírico *Charlie Hebdo*".

Ao igual que a obra do artista galego, a partir dos debuxos do alumnado podemos decatarnos de problemas sociais que baixo a lupa do humor quedan perfectamente retratados.

"O celme do traballo do dito grupo está no feito de que tamén plasmou nas súas viñetas aqueles problemas que considerou máis relevantes da sociedade actual. Así, a violencia de xénero, o maltrato animal, o proceso de independencia de Cataluña, o racismo, a corrupción, o "imperio" da lei, os desfavorecidos da chamada globalización, a política actual, a excesiva dependencia da mocidade das novas tecnoloxías..."

David Gende, "As institucións oficiais deberían dar axudas para poder pintar graffiti"

Hugo e Ismael entrevistaron a David, graffiteiro:

P- Que é o graffiti?

R- Unha forma de expresar a arte da rúa.



P- Como empezaches neste mundo?

R- Intereseime ao velos pola rúa.

P- Que lle dirías á xente que non lle gustan? Que se informe, pois moitos pensan que son violentos. Precisamos axudas dos concellos, espazos para pintar, obradoiros de aprendizaxe.

P- Que é necesario para pintar graffiti?

R- Street marker, sprays, rodillos, sulfatadora, escaleira e máscaras.





IMAXE TOMADA DE [HTTP://LINDEIROS.GAL/NOSA-LANZA-MARUMASAT/](http://lindeiros.gal/nosa- lanza-marumasat/)

Un Ano máis de Marumasat

Por terceiro ano consecutivo os institutos Maruxa Mallo, en ordes, o Marco Camballón de Vila de Cruces e o Miraflores de Oleiros, preparan o lanzamento da nova sonda estratosférica que eles mesmos fabrican.

O Marumasat foi un proxecto que naceu no IES Maruxa Mallo, co propósito de “dignificar o ensino público”. Cando comezou só estaban implicados os departamentos de Tecnoloxía e Matemáticas. O ano seguinte, dous dos mestres trasladáronse a outros institutos e decidiron darlle continuidade ao proxecto; entón foi cando naceu a NOSA (Axencia Espacial Escolar Galega).

O 5 de Febreiro reuníronse cerca de 200 alumnos dos tres institutos para poñer en común os novos proxectos para este ano. Entre eles atópase un estudo do funcionamento da temperatura da cámara, a creación e programación dun datalogger para unha análise da temperatura máis detallada. Na conferencia que tivo lugar en Vila de Cruces tamén se expuxeron as actas dos dous lanzamentos anteriores, e conectaron por videoconferencia con alumnos de outros anos, un en Ordes e outro en Canadá.

Este ano, viaxa co lema niño no faro, pois os alumnos, tras o éxito da misión do ano anterior, queren intentar que naza vida a 30.000 m. Pero pretenden ademais que a sonda sexa visible para outros satélites artificiais. O lanzamento desta nova sonda está programado para inicios de maio, aínda que todo depende das condicións climáticas, pois sempre corren o risco de que a sonda remate no mar ou en Portugal.

LAURA GÓMEZ ORGEIRA

▼ Candeloria 2018

Un ano máis celebramos a Festa da Candeloria, o 2 de febreiro, o Día dos Namorados e Namoradas en Galicia; "cando casan os paxaros" que di o refraneiro popular. Desde hai varios anos vimos celebrando un concurso de camisetas con lemas amorosos. Este ano o cativo gañador foi Fabían de 1º da ESO. O seu lema amoroso ía dirixido á nosa lingua.



▼ VISITOUNOS O ESCRITOR ALBERTO FORTES

O día 22 de xaneiro do 2018 veu ao IES de Carral o escritor Alberto Fortes, autor de O dobrón de a oito, O corsario ou O violín de Sarasate. O mar ten unha grande importancia na súa obra, mais hoxe convidámolo esencialmente para falarnos da última obra citada, que sitúa ao famoso detective Sherlock Holmes e ao seu compañeiro Watson en Galicia.

Algunha vez estiveches en Carral ?

Non, pareceume interesante vir por que nunca estivera aquí; tamén porque esta vila ten moita historia.

Sempre traballaches escribindo libros?

Non, fun mariñeiro que é un traballo bastante arriscado, pero despois diso empecei a escribir, xa que me gusta ler e gustaríame crear as miñas historias.

O libro O violín de Sarasate saíu de ti ou tiveches que consultar outros libros ?

Busquei ideas noutros libros para ter as miñas ideas claras, porque non sabía case nada sobre Sherlock Holmes.

Sabías como ía terminar o libro ou pensáchelo mentres o escribías? Pois ben, hai autores que xa saben como van terminar o libro, pero no meu caso funo escribindo e segundo o escribía, pois souben o final que podía poñer adaptado á historia.

Por que decidiches que o ladrón escondera aí o violín e non noutro lado ?

Porque se o poñía no lugar onde estaba ao principio ninguén miraría.

Ainara e Silvia

▼ Día de Rosalía, airiños, airiños, aires...



Un concurso de avións de papel tuneados coa obra rosaliana. Por unha parte, premiouse o deseño, e aí gañaron as profesoras Pilar e Bea e, por outra banda, o lanzamento do avión, onde gañaron Iker e Adrián, aos que o pavillón lles quedou curto. Parabens a todas e todos os participantes e aos gañadores!!!

